

CHIN BAM BUM! O DÍA DAS APERTAS

Textos e ilustracións de FRÉDÉRIC STEHR

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Libros de cartón. Esquinas redondeadas. 20 x 20 cm. 11 €/unidade

Chin Bam Bum! (galego)

ISBN 978-84-1343-055-3. 28 páx. Acartonados. Prelectores

O día das apertas (galego)

ISBN 978-84-1343-057-7. 24 páx. Acartonados. Prelectores.

¡Chin Bam Bum! (castelán)

ISBN 978-84-1343-056-0. 28 páx. Acartonados. Prelectores.

El día del abrazo (castelán)

ISBN 978-84-1343-058-4. 24 páx. Acartonados. Prelectores.

Xim Bam Bum (català)

ISBN 978-84-18558-07-8. 28 páx. Cartró. Prelectors.

El dia d'abraçar (català)

ISBN 978-84-18558-06-1. 24 páx. Cartró. Prelectors.


Esta serie de Frédéric Stehr protagonizada por pequenas aves desprende tenrura e emoción; o autor métese na pel dos nenos e das nenas a través destes adorables personaxes que reflicten as inquedanzas e os sentimentos infantís, auténticos e profundos.

«Chin Bam Bum!» é un divertido e ruidoso xogo musical creado a través da experimentación cos sons que producen distintos accesorios domésticos; un achegamento ao xogo simbólico que xorde da exploración da contorna máis cercana.

«O día das apertas» comeza sendo a expresión do afecto mediante un obxecto *-doudou-* co que establecen un vínculo e que lles transmite seguridade, calma, consolo... e acaba sendo unha celebración da amizade.

Ambos títulos teñen en común aspectos narrativos como a estrutura sumativa e acumulativa, a sinxeleza dos diálogos plasmada a través de frases curtas, onomatopeas, e a atmosfera de ledicia e de espontaneidade que envolve as historias.

A nivel plástico tamén destaca o minimalismo dos escenarios, bosquejados a través de liñas tenues, mentres que os trazos firmes e a cor resérvanse exclusivamente para os personaxes e as accións que desenvolven, centrando así a atención das lectoras e dos lectores. De formato acartonado e esquinas romas para adaptarse ás súas necesidades, son relatos abertos cuxa contraportada redondea o argumento o amplía o final.



- **Temática:** experimentación, exploración, expresión, emocións.
- **Idade recomendada:** dende 12 meses.
- **Aspectos destacables:** estrutura sumativa e acumulativa; obxectos cotiás, percepción a través dos sentidos, afectos; vocabulario; animais, aves.

■ **Avance dos libros:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/chin-bam-bum-g>

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-dia-das-apertas-g>

Frédéric Stehr

(París, 1956)

Estudou serigrafía na Escola Profesional Superior de Artes Gráficas de París pero abandonou as clases e dedicouse a debuxar durante horas nos xardíns públicos, compaxinando a súa paixón pola arte con diversos empregos ocasionais. Empezou a traballar en *L'école des loisirs*, onde aprendeu a contar historias. O seu primeiro libro como autor publicouse en 1983; dende entón suma máis de 60 obras.



www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com